

# tarrelos

REVISTA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MICOLOXÍA

NÚMERO 12 - NOVIEMBRE 2010



## Neste número...

3 - Limiar

4 - *Helvella juniperi*, una seta frecuente en nuestros arenales

9 - Algunas especies catalogadas del género *Lactarius* Fr. en Galicia (2ª Parte)

17 - Outra especie de clima mediterráneo da recacha de Monforte de Lemos.

20 - Algúns fungos interesantes para Galicia.

25 - Agaricales de las dunas de Galicia (II): *Campanella caesia* Romagn.

30 - *Leucocortinarius bulbiger* (Alb. & Schwein.) Singer: o cortinario branco no concello do Corgo (Lugo).

35 - Notas sobre el género *Entoloma* en Galicia (III): *Entoloma capeladense*, una nueva especie del subgénero *Leptonia*.

41 - Amanitas comestibles.

46 - Notas sobre *Amaniteae* en el noroeste de la Península Ibérica: *Amanita pantherina* f. *albida* R. Schulz y *Limacella illinita* (L.: Fr.) Murrill var. *illinita*.

50 - *Quercus robur* L.

53 - As Margaridas ou Margarides.

55 - Folclore e usos dos *Gasteromycetes*.

59 - La Biodiversidad amenazada.

61 - Vestimenta y calzado para la práctica de la micología.

66 - El género *Cantharellus* en micogastronomía (III).

69 - Actividades das Asociacións

75 - Directorio



*Hygrocybe calyptriformis*  
José M. Castro Marcote

# staff

TARRELOS é unha publicación da  
Federación Galega de Micoloxía.

CIF: G-36640928

Tel.: 630 493 497

cantarela@cantarela.org

Depósito Legal: PO-388/04

ISSN: 1888-7066

## COORDINA

José Luis Tomé Ortega

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Jaime B. Blanco-Dios,

José Luis Tomé Ortega,

Carlos Álvarez Puga.

## Federación Galega de Micoloxía

Presidente: C. Álvarez Puga

Vicepresidente: F. Riveiro Sanjurjo

Secretario: J.L. Tomé Ortega

Tesoreira: C. Barreiro González

# #12

## ***Leucocortinarius bulbiger* (Alb. & Schwein.) Singer: o cortinario branco no Concello do Corgo (Lugo)**

Texto e fotografía por Julián Alonso Díaz [alonso9@mundo-r.com]

### ► INTRODUCCIÓN

Na mente de todo afeccionado á micoloxía existen especies que, sen nunca velas, están presentes de modo inconsciente á espera de atopalas nalgunha ocasión. Normalmente son especies raras ou supostamente ausentes nas nosas zonas, o que unido a algún carácter especial, ben sexa a súa excelencia gastronómica, ou a súa toxicidade, ou a súa morfoloxía curiosa ou rechamante, convérteas en especies emblemáticas e desexadas de localizar. ¡Quen non sentiu unha especial emoción ao atopar a súa primeira *Amanita caesarea* ou o seu primeiro *Calocybe gambosa*, ou desexa atopar unha *Amanita virosa*, *Gyromitra esculenta*, etc.

Posiblemente o xénero *Cortinarius* ten poucas especies que susciten tal entusiasmo entre os micófilos. Un xénero tan amplo e complexo, con entre 500 a 2500 especies segundo autores (COURTECUISSE, 2005) adoita provocar mais ben o desánimo no afeccionado pola extrema dificultade que supón a identificación precisa da maior parte das súas especies. Posiblemente son *Cortinarius orellanus*, pola súa extrema toxicidade, e *Cortinarius praestans* por ser considerado un gran comestible, os cortinarios máis emblemáticos. Con todo, a que afeccionado xa iniciado non lle soa un cortinario especial, distinto aos demais pola súa esporada

branca, non ferruxinosa como no resto?. Tan especial que forma un xénero monoespecífico, é dicir un xénero cunha soa especie: *Leucocortinarius bulbiger*, o cortinario branco.


### ETIMOLOXÍA E POSICIÓN TAXONÓMICA DE *LEUCOCORTINARIUS BULBIGER*

Etimolóxicamente *Leucocortinarius* provén de *leuco* (grego) que significa branco e *cortinarius* (latín), en relación ao xénero *Cortinarius* (que significa cortina), e en conxunto traduciríase como “cortinario branco”, facendo referencia ao seu aspecto de *Cortinarius* pero con esporada esbrancuxada, non ferruxinosa, e *bulbiger* do latín *bulbus*: bulboso, e *gero*: levar encima, polo seu ensanche bulboso na base do pé (OLTRA, 2003).

Aínda que o nome prioritario é *Leucocortinarius bulbiger* (Alb. & Schwein.) Singer, son tamén sinónimos (Index fungorum: [www.indexfungorum.org](http://www.indexfungorum.org)):

- *Agaricus bulbiger* Alb. & Schwein.
  - *Armillaria bulbigera* (Alb. & Schwein.) P. Kumm.
  - *Cortinarius bulbiger* (Alb. & Schwein.) J.E. Lange
  - *Cortinellus bulbiger* (Alb. & Schwein.) Pat.
- A posición taxonómica de *Leucocortinarius bul-*





*biger* sempre foi controvertida. Clasicamente incluíuse como un xénero da familia *Cortinariaceae* dentro da orde *Agaricales* (MOSER, 1980) ou *Cortinariales* (KÜHNER, 1980). Esta posición débese ao seu aspecto macroscópico típico dun *Cortinarius* do subxénero *Phlegmacium* (carnosos e máis ou menos robustos, con sombreiro viscoso ou lubricado e pé seco) con silueta *Scauri* (pé bulboso marxinado), aínda que o propio KÜHNER (1980) discute a posición anómala do xénero *Leucocortinarius*, fundamentalmente polas súas características esporais: "cianófilas, non dextrinoides, binucleadas e con ausencia de endospora nas esporas (microscopía electrónica), mentres que todos os *Cortinariales* presentan unha endospora neta". A pesar de incluílo na familia *Cortinariaceae* tribo *Cortinarieae*, Kühner recoñece que: "é posible que *Leucocortinarius bulbiger* sexa unha forma de tricholoma que realizou un desenvolvemento análogo ao dalgúns cortinarios da sección *Scauri* e non, como se pretendeu, unha forma de cortinario que sufriu unha evolución regresiva" (KÜHNER, 1980).

Aínda que algúns traballos recentes manteñen a posición de *Leucocortinarius bulbiger* na orde *Cortinariales* Familia *Cortinariaceae* tribo *Cortinarieae* (GERAULT, 2005), prestixiosos micólogos como Bon ou Courtecuisse sitúano na orde *Tricholomatales* dentro da familia *Dermolomataceae* (BON, 2005; COURTECUISE, 2005) aínda que ambos recoñecen a súa posición taxonómica dubidosa.

O coñecido, e lamentablemente desaparecido, Fernando Palazón tamén coincide nesta posición taxonómica e comenta, en relación a esta especie, que: "parece un *Cortinarius* do subxénero *Phlegmacium*, pero pola súa esporada branca e as súas esporas lisas e hialinas ten unha colocación taxonómica incerta, aínda por resolver" (PALAZÓN, 2001).

Respecto desta cuestión, Marcel Lecomte, cita a *Leucocortinarius bulbiger* na súa ficha técnica sobre o reactivo de Melzer decindo: "Para *Leucocortinarius bulbiger* esporas non amiloides nin dextrinoides..., a clasificación desta especie nos

*Cortinariales* parécese un erro debido a unha converxencia morfolóxica remarcable, pero non xustificable pola microscopía nin polo seu modo de vida probablemente saprófito”.

A clasificación máis actualizada ofrécenola a relación do Index fungorum ([www.indexfungorum.org](http://www.indexfungorum.org)) que inclúe o xénero *Leucocortinarius* na familia *Tricholomataceae*. A moderna taxonomía, baseada en gran medida na bioloxía molecular, terá seguramente aínda moito que dicir respecto da posición de *Leucocortinarius bulbiger*.

#### **CITA DE LEUCOCORTINARIUS BULBIGER NO CONCELLO DO CORGO (LUGO)**

O primeiro encontro con esta especie produciuse no outono de 2008, concretamente o 15 de novembro (en 2009 volvemos observala na mesma localización). O Corgo é un concello que limita polo norte e oeste co de Lugo. É un concello rural cuxa poboación se distribúe en múltiples aldeas e lugares polos seus aproximadamente 157 km<sup>2</sup>. O terreo é un mosaico no que se alternan sucesivamente bosques mixtos de carballos (*Quercus robur*), xeralmente con presenza de pequenos grupiños ou exemplares illados de bidueiros (*Betula pubescens*) e castiñeiros (*Castanea sativa*), con pequenas plantacións de *Pinus pinaster* ou *Pinus radiata*, e con prados e pastos. Esta mestura continua de hábitats, unido a unhas favorables condicións climáticas, confírelle unha gran diversidade fúnxica.

En plena tempada de actividades micolóxicas visitei unha destas zonas na parroquia de Cabreiros (Santa Mariña) coa intención de recoller algúns exemplares de especies típicas para ilustrar unha charla dun curso de iniciación. Ao carón da pista hai un pequeno piñeiral de *Pinus pinaster*, noutros tempos moi produtivo, pero que nos últimos anos cubriuse de silveiras (*Rubus* sp.), polo que me interesaba máis o outro lado da pista, cun bosque mixto de carballos e castiñeiros mesturados con exemplares de bidueiro e algún piñeiro, que ese ano estaban totalmente limpas de maleza. No chan asomaban múltiples exemplares de diversas especies de cogomelos e, ao achegarme, chamoume a

atención un cogomelo de sombreiro pardo amarelado claro con restos esbrancuxados, flocosos, no bordo do sombreiro. Ao extraela coidadosamente coa navalla o primeiro que me chamou a atención foi o pé claramente bulboso, redondeado e suavemente marxinado. Na parte superior do pé os restos dunha cortina: “un *Cortinarius*” pensei, pero o exemplar desenvolvido presentaba as láminas brancas e ningún indicio da esporada ferruxinosa que vai manchando os restos da cortina no pé. Isto soábame moito. Podería ser ese cortinario de esporada branca. ¡¡*Leucocortinarius bulbiger*!!, pero había que ser cauto e comprobar ben os seus detalles. Todos sabemos que en micoloxía as cousas non sempre son o que parecen. Mirei ao redor e nun espazo duns 30 m<sup>2</sup> atopei 10 exemplares en distintos estadios de crecemento. Decidín coller 5 para fotografar e secar e deixei o resto.

#### **IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS:**

Como sempre levo no coche un exemplar da guía de fungos de Europa de BON (2005), fixen unha primeira aproximación á identificación, confirmando todos os detalles macroscópicos. O libro xa advirte do parecido con *Cortinarius multififormis* e outras especies do subxénero *Bulbopodium* sección *Leucophylli* (*Multiformes*) (BON, 2005), (subxénero *Phlegmacium* sección *Multiformes*) (COURTECUISSÉ, 2005; GERAULT, 2005) que tamén teñen a base bulbosa marxinal e as láminas esbrancuxadas de novas, pero coa esporada ferruxinosa de adultos como todos os *Cortinarius*.

Xa en casa confirmei a identificación macroscópica, obtiven a esporada e sequiei os exemplares para *exsicattas*. Xa fóra de tempada nas *exsicattas* puiden comprobar as características microscópicas e químicas relevantes para confirmar plenamente a identificación.

#### **Descrición:**

***Leucocortinarius bulbiger*** (Alb. & Schwein.) Singer  
*Material estudado:* LUGO: O Corgo, Cabreiros (Sta. Mariña), baixo castiñeiros (*Castanea sativa*) e carballos (*Quercus robur*) mesturado con algún exemplar de bidueiro (*Betula pubescens*) e piñeiro do país (*Pinus pinaster*). 10 exemplares en distin-

tos estadios de crecemento, 15-11-2008, Leg. et det.: J. Alonso Díaz. LUCUS 151108-01 (FOTO 1)

Sombreiro de 6 a 10 cm en exemplares adultos. Pardo amarelado claro ou beige carne. Hemisférico, con bordo algo involuto, logo convexo, con restos de veo esbrancuxado como escamas e marxe flocosos.

Láminas adherente-escotadas, apertadas, de esbrancuxadas a cor carne.

Esporada esbrancuxada (comprobado deixando un exemplar adulto sobre un papel para recollela)

Pé de 5 a 9 cm en exemplares adultos, esbrancuxado, fibriloso, con restos de cortina brancos na parte superior e base con bulbo algo excéntrico, marxinado, con bordos suaves e redondeados. Nos exemplares moi novos a base do pé é claramente máis ancha que o sombrero.

Carne branca con cheiro fúnxico pouco definido e sabor algo doce. Azulverdosa ao sulfoformol

Esporas: a diferenza dos *Cortinarius*, que presentan esporas máis ou menos verrugosas, as esporas de *Leucocortinarius* son lisas, hialinas, non amiloides, de paredes grosas. Tamaño de 7-8 x 4-5 µm.

Hábitat: cítase sempre baixo coníferas. Neste caso trátase dun bosque mixto con *Quercus robur* como especie dominante con presenza de castiñeiros (*Castanea sativa*), bidueiros (*Betula pubescens*) e a certa distancia algún exemplar de *Pinus pinaster*.

Frecuencia: moi rara na nosa zona de observación e non nos consta ningunha cita desta especie en Galicia. Noutras rexións e países considérase xeralmente unha especie bastante rara, incluída nalgunhas listas vermellas (GYOSHEVA *et al*, 2006; WAJEWODA & ŁAWRYNOWICZ, 2006), aínda que común localmente noutras zonas.

Comestibilidade: considérase unha especie comestible aínda que nalgunhas páxinas de internet indícase como non comestible. Hei de recoñecer que, aínda que non son moi micófago, dado que tiña suficientes exemplares para secar non puider

evitar a tentación de degustar un, mais por curiosidade que por gula. Probei un sombrero inteiro á prancha, dourándoo suavemente cun pizquiña de sal e moi pouquiño allo. O sabor é suave, fúnxico, a consistencia zumenta e carnosa, bastante agradable.

Destacar, finalmente, que a principios de novembro do seguinte ano (2009), tiven a ocasión de volver observar varios exemplares desta especie no mesmo lugar. Dada a rareza da especie deixo todos os exemplares exceptuando 2 que podemos mostrar na Exposición de cogomelos que realizamos todos os anos nesta época a Sociedade Micológica Lucus da que formo parte, podendo así os asistentes observar unha especie tan infrecuente na nosa terra. ■

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BON, M. (2005). *Guía de campo de los hongos de España y de Europa*. Ed. Omega S.A. Barcelona.
- COURTECUISE, R. (2005). *Guía de los hongos de la Península Ibérica, Europa y Norte de África*. Ed. Omega S.A. Barcelona.
- GERAULT, A. (2005). Florule évolutive des *Basidiomycotina du Finistère. Homobasidiomycetes. Cortinariales*. Version 2.0. En <http://projet.aulnaies.free.fr/Florules/CORTINARIALES.pdf>
- GYOSHEVA, M.M.; DENCHEV, C.M.; DIMITROVA, E.G.; ASSYOV, B.; PETROVA, D & G.T. STOICHEV (2006). Red list of fungi in Bulgaria. *Mycologia Balcanica* 3, 81-87.
- KÖHNER, R. 1980. Les Hyménomycètes agaricoïdes. Bull. Soc. Linn. Lyon 49: Numéro spécial. 1027 p.
- MOSER, M. (1980). *Guida alla determinazione dei funghi. Vol. 1º. Polyporales, boletales, agaricales, rustulales*. 1ª edic. Ed. Saturnia. Trento.
- OLTRA, M. (2003). *Origen de los Nombres Científicos de los Hongos*. Monografías de la Sociedad Micológica de Madrid (Segunda edición). Real Jardín Botánico, Madrid.
- PALAZÓN, F. (2001). *Setas para todos*. Ed. Pirineo. Huesca.
- WAJEWODA, W. & M. ŁAWRYNOWICZ (2006). Red list of the macrofungi in Poland (In: Red list of plants and fungi in Poland, Eds. Z. Mirek, K. Zarzycki, W. Wojewoda, Z. Szeląg) W. Szafer Institute of Botany, Polish Academy of Sciences, Kraków, pp. 53-70. En: [www.grzyby.net/lista.htm](http://www.grzyby.net/lista.htm)